MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ

# CANTIGUEIRO POPULAR

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1970

DEMIA
A
UÑA
15
eca

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
36515
Biblioteca

CUBERTA:

Retrato de Marcial Valladares realizado polo escultor coruñés Xosé Xoán poucos días antes do pasamento deste notable artista.

R 7121

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ

# CANTIGUEIRO POPULAR

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1970

Depósito Legal: C - 186 - 1970

Imprenta e Editorial MORET - Galera, 48 e Marqués de Amboage, 16 - A Cruña, 1970

MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ

(* 1821 - † 1903)

ciento veinte y nueve 129

Marcial Ramon Josef hijo del Lizdo. Dn. Josef Valladares.

En catorce de Julio del año de mil ochocientos veinte y uno yo Dn. Josef Antonio Rosende, presvitero, vecino de la Parroquia de San Vicente de Berres con licencia de Dn. Josef Luis Barba de Figueroa su propio Cura Bautizé solemnemente un niño que nació el mismo dia hijo legitimo del Lizenciado Dn. Josef Dionisio Balladares y de Da. Maria Concepcion Nuñez vecinos del lugar de Vilancosta en esta feligresia, pusele los nombres de Marcial, Ramon, Josef, Maria del Pilar. Es nieto por parte paterna de Dn. Bernardo Valladares y Da. Maria Gomez vecinos de la feligresia de Santa Maria de Grava en Tras de Ro. Obispado de Lugo, y por la materna de Dn. Josef Nuñez y Aron tambien Abogado y Da. Teresa Morciego y Poblacion de esta referida Parroquia. Fueron sus Padrinos Dn. Josef Nuñez y Da. Teresa Morciego y Poblacion Abuelos del bautizado a quienes advertí el parentesco espiritual y mas obligaciones y para que conste lo firmo como dicho Capellan.

Josef Antonio Rosende

Reproducción da partida de bautismo de Marcial Valladares

# NOTAS BIO-BIBLIOGRÁFICAS

# MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ

Coñecemos xa a Marcial Valladares como autor dun *Diccionario gallego-castellano*. Iste escritor, nado en Vilancosta, freiguesía de San Vicente de Berres, na Estrada, o 14 de xunio de 1821, foi un distinguido periodista i erudito. Colaboróu con don Antonio Machado Alvarez, ao que proporcionóu materiás folklóricos. En 1844 tíñase licenciado en Dereito pola Universidade compostelá. Retirado á súa aldea nadal dende 1866, consagróuse ás letras, abandoando as actividades políticas ás que adicara algún tempo parte das súas enerxías; ate que finóu, alí mesmo, o 20 de maio de 1903.

Nista obra interésanos Valladares como poeta e novelista. No primeiro aspeito é un versificador de estilo familiar, que non refusa o emprego das espresións tópicas, nen evita certos cabalgamentos pouco artísticos; pero que, non embargantes, é agradabre de leer, pois o seu verso é sentido, craro e doce. Unha das súas poesías máis temperás, de 1845, «Suidades» [1], en endecasílabos, lembra moito o sentimentalismo de Alberto Camino. Tamén hai tenrura na tiduada «A miña aldea» [2], en pentasílabos. No mesmo metro están escritas as endechas de amores e ausencia, moi sentidas e persoás, que tiduadas «A...» [3], xiran arredor da letra

*¿Qué é de tí agora,*
*meu ai, ai, ai?*

Un pouco didácticas de máis son as quintillas «A fonte do Pico Sagro» [4]. A poesía máis dina de leitura, lembranza e celebración, é

---

1 *Album de la Caridad*, páxs. 299-300.
2 *Id.* Páx. 147.
3 *Id.* Páxs. 325-327.
4 *Id.* Páxs. 272-273.

«A castañeira en Santiago» [5], escrita aos sesenta anos; peza de moitísimo sabor local, moi linda e graciosa. É un monólogo posto en boca da castañeira, que fai o seu pregón,

*¡Ai qué ricas fervendo!,*

e oferece a súa mercancía ás

*mosiñas madrugadeiras*
*que, todas cheas de frío,*

veñen á cidade ás súas angueiras pra voltar axiña a traballar no campo; ao *señor estudante* ao que ten que recomendar

*Quietiño... Non sea tunante,*

mentras o despacha; aos soldados, que dan un bo toque á ola, favorabremente dispostos polo engado do corpo xentil da castañeira, e, finalmente, a

*doña Urbana,*
*a comersianta de enfrente,*

boa siareira.

Valladares é tamén autor dunha serie de cantares de tipo popular, que tiduóu «Vilancosta. Cántigas», inspirada, como se deixa entender, polo amor ao lugar do seu nacimento [6]; e de algúns epigramas [7].

Como novelista, Valladares merez atención especial, pois é, cronolóxicamente, o primeiro da nosa renacencia. Efeitivamente, a il débese a primeira novela galega, *Maxina, ou a filla espúrea,* pubricada na *Ilustración Gallega e Asturiana* [8]. Coa redacción dista obra rea-

---

[5] *El idioma gallego.* Tomo I. Páxs. 79-81.

[6] F. Bouza Brey: «Achegos pra a bibriografía de Marcial Valladares como etnógrafo», en *Boletín de la Real Academia Gallega,* La Coruña, tomo XXVII, año 1956, páxinas 19-20.

[7] Poden se ver os que comenzan «Bebendo onde eu me atopaba», «Pedíndolle a un labrador», «Consultóu con don Alejos», en *La Ilustración Gallega y Asturiana,* tomo III, Madrid, 1881, páx. 95; «Coa vinagreira na man», «Indo as uvas eu a ver», «Pepiño rompe un cristal», en páx. 425 da mesma revista e tomo; «Unha tarde en que eu sentía» e «Apeándose en Santiago», en *Galicia humorística,* ano I, tomo I, núm. 5, Santiago, 15, marzo, 1888, páx. 152.

[8] «Majina, ou a filla espúrea», por don Marcial Valladares. *La ilustración Gallega y Asturiana,* tomo II, 1880, núms. 21-36. Comeza a novela na páxina 266 do tomo, e remata na 461.

lizóu un grande esforzo en varios sensos. Dende logo, inda que se non trate dunha novela moi estesa, Valladares superóu a todos os seus predecesores e contemporáneos do renacimento galego no que se refire ás dimensións do escrito. *Maxina* é, efeitivamente, a obra en galego máis estesa antre as pubricadas por aqueles tempos. Tratándose dunha novela de asunto contemporáneo, e que en grande parte quere ser de costumes, o autor víase obrigado a resolver unha infindade de problemas de léisico, morfoloxía e sintase, pra cuia solución carecía de modelos, e prácticamente de antecedentes de calquer ordre. Estaba, porén, ben preparado pra o desempeño diste cometido, como estudoso ben acretado da fala, á que catro anos dempóis tiña de oferecer o seu *Diccionario*. Un tesouro de sabiduría verbo da lingoa popular está esparexido polas páxinas de *Maxina*. Mesmo por veces a riqueza de léisico é superabundante, e as frases semellan compostas escrusivamente pra introducir verbas enxebres. Malia o que ista preocupación poda perxudicar á fluidez artística do relato, se non pode negar a importancia que dou á obra como museo da lingua, como arsenal de vocabros pra a futura prosa galega e como documento histórico da fala real, xa que adiantando o proceso de corrupción do idioma popular, iste tipo de obras son as únicas autoridades de que dispomos pra coñecer o estado de aquíl en cada intre.

Non é menos venerabre a obra como primeiro ensaio de novela galega, xa non polo que se refire á sua prosa, senón en canto esforzo por fundar un xénero. Por descontado, Valladares ten máis importancia como lesicógrafo que como novelista. Pero ter intentado e levado a cabo a primeira novela galega é xa un mérito histórico que lle non debemos relear. Contra o que poidera se prever, Valladares non escribíu unha novela rural. Hai en *Maxina* labregos, pero tamén hai señores, e ístes desempeñan na fábula os papés principás. *Maxina* é, en realidade, unha novela de xinea romántica, do tipo de asunto contemporáneo, como, por exempro, o *Flavio* de Rosalía de Castro. Pero o sentimentalismo en Valladares está temperado pola moderación característica diste escritor. Escribindo en 1880, e profesando ideás literarios rexionalistas, non podía se dispensar de describir esceas de costumes ou tipos populares cun pintoresquismo máis ou menos realista [9].

[9] A data de 1880 é, dende logo, a da pubricación da novela. ísta, por suposto, houbo de esixir pra a súa redacción un espacio de tempo folgado. Pero escápasenos o coñecimento do que puido mediar antre a composición e a impresión.

A esposición e o desenlace da novela están tratados cun tempo lento, miuciosas descripcións de persoas, lugares e ouxetos e puntual crónica das accións, teñan moita ou pouca importancia pra o desenrolo da fábula. Pero no meio da obra pasan os anos rápidamente, o autor renuncia a seguir aos persoaxes de cotío e, se ao comezo da novela asistimos ao nacimento de Maxina, somos invitado á súa boda ao final.

Maxina, que dá títduo ao conto, non é, porén, o protagonista do mesmo, inda que sí, mesmo antes de nacer, a causa desencadeante dos acontecimentos. O nome de Maxina, aparece escrito con *j*, porque o autor non proscribe isa letra do abecedario galego; pero, dende logo, entendemos que o pronuncia igual que si estivera escrito con *x*, e por iso nós reproducímolo así nista Historia.

«—Majina, pues, llevará de nombre, por mi gusto —dijo a abó, pronunciando entonce-l-a j com'os gallegos a pronunciamos» [10].

Nomes non menos peleriños que Maxina, levan outros persoaxes da novela. Así Otilia, Salvio, Veranio, Ermelio, Adria e Fara. No diálogo, a xente fina fala en castelán, inda que sexa cos labradores. Os labregos falan en galego. Algúns persoaxes cómicos empregan o castrapo. Istes rasgos de inocente realismo, e os inevitabres convencionalismos e inverosimilitudes, non son dabondo pra restar interés a iste petrucial prototipo dun xénero inda hoxe non ben desenrolado.

Maxina oferece a curiosidade de nos presentar unha muller embarazada que iñora quén foi o autor do seu estado. Otilia asiste a un baile de máscaras no teatro de Santiago. «A media noite... entra no salón unha comparsa rara chamada *dos manetizadores*, por consistil as súas bromas en querer manetizar a aquél ou éste... Un dos da comparsa... tanto de manitismo lles falóu... que... foron hasta un gabinete non moi alumeado, onde o descoñecido máscara, con estudiada verba e novas garatusas cloroformizóu... e abusóu de Otilia»[11]. Ísta atópase, así, encinta sen saber de quén.

Tan curiosa, e dabondo fantástica situación tiña xa sido tratada literariamente polo famoso escritor alemán Heinrich von Kleist (1777-1811), na súa novela *A marquesa de O...* Tal marquesa durante o asalto dunha fortaleza, sofre un esmaio. Tempo dempóis resulta increibremente embarazada, sen que garde a menor lembranza do acto de posesión que tivo lugar durante o esmaio mencioado.

---

[10] *Ob. cit.* Páx. 293. A Eirexa conmemora a unha Santa Magina, mártir, o 3 de Nadal.

[11] *Ob. cit.* Páx. 293.

Tanto en Kleist como en Valladares, vense ao cabo en coñecimento de quén é o pai da criatura, anque en circunstancias moi distintas.

Merez tamén un pequeno comentario a técnica de desenlace empregada polo noso novelista. Conduz íste ao cabo os acontecimentos cara un final feliz. A desditada Otilia e o seu constante namorado Salvio, poden finalmente se reunir e vivir tranquíos. Todo é ledicia na casa de Sancti-Petri. Todo o desenrolo da novela asegúranos, cando entramos no penúltimo capítulo, que o autor non ten xa outra cousa que facer senón nos describir unha boda e pechar o relato con tonos consoladores e outimistas. Pero, súpetamente, bruscamente, deixándonos verdadeiramente pampos, don Marcial preséntanos un remate inesperado. A probe Otilia, cando xa non ten motivos pra vivir anguriada... ¡louquea! «¡¡¡Louqueara!!!» [12], escribe o novelista con triple signo de admiración. E a cousa é realmente pra ademirar. Seméllanos dende logo inxusta a sorte que se depara á heroína, se enfocamos sentimentalmente a obra, como farían as leitoras da *Ilustración*. Non vemos xustificación sicolóxica nen artística suficiente nista peripecia. O noso corazón alimenta un intre a desesperada espranza de que Otilia recupere a razón. Mais non ocurre nada disto, e o que non podemos negar a Valladares é o mérito de nos sorprender completamente. Tanto se nos ocurre pensar se o seu plan primitivo era o final completamente feliz, e só a derradeira hora, cando tiña que escribir as derradeiras páxinas, sintíuse un pouco ofendido coidando que todo leitor daba por descontado o que tiña que vir, e quixo demostrar que era dono dos seus persoaxes ate o final, e que podía facer con eles, non só o que agardaba o leitor, senón tamén o que non agardaba [13].

RICARDO CARBALLO CALERO

(Da *Historia da literatura galega e contemporánea*, vol. I —Galaxia, Vigo, 1963—, páxinas 88-91)

---

[12] *Ob. cit.* Páx. 461.

[13] A irmá de Marcial Valladares, Avelina, nada tamén en Vilancosta, o 23 de outubro de 1825, e morta en marzo de 1902, cultivóu asimesmo a poesía galega. Fícannos dela algunhas composicións, antre as que figura a tiduada «A probe orfiña», que pode se leer en Carré, *Literatura gallega*, páxs. 301-303; e a que leva como rubro «Diálogo entre un peregrino que se dirige a Compostela y un labriego», contida no tomo VIII do *Heraldo Gallego*. Ista, firmada en Vilancosta, abril de 1879, é bilingüe. O peregrino fala en castelán. O labrego, en galego.

# CANTIGUEIRO POPULAR

# EXPLICACIÓN PREVIA

Este de 1970 é o ano VIII dos que, por iniciativa da Real Academia Gallega, celébrase o «Día das Letras Galegas». Ven seguido dos adicados a Rosalía, Castelao, Pondal, Añón, Curros, Cuevillas e Noriega. E quixo a corporación, neste que andamos, esaltar a figura ilustre de don Manuel Valladares Núñez.

Lexicógrafo, poeta, novelista, é Valladares un dos máis esgrevios devanceiros nosos no cultivo das letras rexionás. Autor dun diccionario galego-castelán, de numerosas composicións poéticas de xinea costumista e da primeira novela escrita en galego, estivo tamén atento á cultura do pobo facendo a recadádiva de refráns, adaxios, adeviñanzas e cántigas de espresión popular, apañándoas amorosamente na súa bisbarra da Ulla, unha das máis fermosas e farturentas da nosa Terra.

Rendéndolle a Valladares a homenaxe debida e prestándolle á par un importante servicio á cultura do país, estimóu a corporación que deberá saír do inédito a colectánea das devanditas cántigas pra engadila ás xa esistentes recollidas ao longo da xeografía afectiva e sentimental de Galicia. E no intento, ademáis, de encher e completar o ámeto poético coñecido dun pobo que traballa e que canta, que canta traballando e que, cantando, traballa.

Chegóuse así á edición do presente cancioneiro. Foi tirada dunha obra manuscrita polo proprio autor con ordenada, elegante e clara caligrafía de nidio feitío decimonónico. Tidóuno *Cantigueiro Popular* e datóuno no ano de 1867. Compónse de dúas partes, precedidas dun pequeno prólogo xustificativo e, ao final, vai seguido dunha manchea de traballos, algúns xa publicados, con indicación do lugar e da data en que o foi cada un deles. A primeira parte encétase coas *Cántigas da Ulla*, texto éste que, cabalmente, sae hoxe da xerfa do inédito.

Tratándose dun documento histórico, publicado agora por primeira vez, consideróu axeitado a Academia dálo a coñecer na súa ortografía orixinal, antre outras razóns, pra facer máis doado o coñecemento da evolución do idioma escrito a partir da renacencia das letras galegas. Unha xerocopia do manuscrito orixinal consérvase nos Arquivos da Corporación en agarda de publicalo na súa totalidade.

Réstalle, por último, á Real Academia Gallega espresarlle a súa máis fonda estima a don Antonio Losada e a don Xosé Espinosa, sobriños-netos de don Marcial Valladares, pola xentileza que tiveron de poñer ao dispor daquéla os orixinás da obra do seu ilustre devanceiro; e manifestárlle, igualmente, o seu recoñecemento máis rendido ao Concello da Estrada, na persoa do seu alcalde, don Mario Blanco Fuentes, pola xenerosa axuda prestada, posibilitadora da presente edición.

# FACSÍMIL DO PRÓLOGO

"O cantar do gallegiño
è cantar que nunca para;
empeza por ta-ra-ri-ra!
e sigue por ta-ra-ta ra."

Xeneralizada hoxe a instrucion primaria, convida a lengua de Castilla hasta na escola incompleta do lugar mais insignificante, posible è desaparreza dentro de poucos anos toda poesia popular gallega.

O noso dialecto usase menos de cada dia e os que na cantualidá o usan son; nos campos, os labra

dores; nas vilas e ciudás, alguns artesanos e a clase pobre. O certo é qu'os nosos populares cantos, esa non escrita e virxen poesía, dina de ser conocida e estudiada, que corre de boca en boca, que circula cal moneda por todas partes e uns pueblos importan d'outros nas suas diferentes comunicacions, nas suas animadas romarías, tan comuns e concurridas en Galicia; esa poesía, decimos, toma o caráuter da época, marcha co-esta misma, olvida o da sua casa, cópia ou recibe inspiracions da allea e concluirá por avergonzarse da sua. D'ahí que nos vilorros dos Portos apenas s'oyan xá gallegas cántigas: d'ahí qu'as coplas castellanas, infiltrandose po-lo interior hast'as mais apartadas aldéas, vayan pouco á pouco rem-

plazando á aquelas e d'ahí, en fin, qu' às nosas muiñeiras e às nosas rurales gaitas remplacen tamen en certos puntos modernos bailes e istrumentos case desconocidos antes dos labrégos, artesanos e mariñeiros.

Digan outros á que bèn ou mal conduza esto. Nosoutros limitámonos á consinar un feito que chama hau tempo a nosa atencion e esplica porqu' entr' as Cántigas dos Portos, qu' anotamos, ofrecemos tantas, ou mais, castellanas, si quera estas, com as gallegas, non sean, en xeneral, esclusivas dos Portos e si as mismas de varias outras comarcas, incluso moitas de pura localidad.

O autor.

M. V. N.

PRIMEIRA PARTE

# EPÍTOME

## CÁNTIGAS DÁ ULLA

# CÁNTIGAS DA ULLA

## I

Mandaronm'a coller rosas
n'a beira d'o rio Ulla
e, tan bonita-l-as vin,
que collera unha por unha.

Mercedes doum'unha dália,
Esperanza unha camelia,
Eusebia doum'un xasmin;
gardarei a flor d'Eusebia.

Eu non sei que tes n'os ollos
que, se me miras, ti matas;
mátasme, se pra min rís;
mátasme, cando me falas.

Deseára de te ver
trinta dias cada més;
cada semana, seu día,
e cada día, unha ves.

¡Ay! qué sempre que te vexo
o corazón se m'arraya!
O día que non te falo
todo é tristura nä alma.

## II

N'ä alma se me clavan
a raís d'o teu querer:
Mentras n'o mundo vivire,
outr'amor non hei de ter.

Meu amor, meu amoríño,
¿ond'estás, que non te vexo...?
Mórrome de süidades
e día e noit'en ti penso...

Süidades dánm'os campos,
as viñas, xá vindimadas,
e os paxariños cantando
n'as tardes e madrugadas.

Coidarán que, porque canto,
en min alegría hai...;
pra min a alegría foise
e chora o meu aiaiai.

Con él eu soño de noite:
era él solo o meu placer
e louca me volverei,
se süa non podo ser.

De ti lonxe non mais, non;
xunt'a ti, xunto-l-os dous,
ond'entrambos nos criamos
e o noso amor comezou.

Amantiño, corre, corre;
meus brazos aqui t'agardan
e hasta ti os estendera,
se soupera qué chegaban.

¡Ay! ¡Quén ch'anduriña fora,
anduriña d'a outra banda,
que ó meu amor un suspiro
un piquiño lle levára...!!!

## III

Pasei po-la tua porta
e, erguendo os ollos, te vin;
non te puden decir nada;
non sei como non morrín.

Anque paso e non te falo,
non te deixo de querer:
fágo-o d'intento, meu ben,
por non o dar a entender.

A raya d'o sol, meniña,
n'a tüa cama vai dar.
¡Qué moito, pois que t'eu busque,
cando t'o sol vai buscar!

Dime, dime d'unha vés
que me quede ou que me vaya,
pois non quero estar á porta
como cantariño d'auga.

Moito me gustas en todo,
moito me gustas, meniña:
¡Malhouja o meu pouco ter,
que, senon, ti foras miña!

Por ben e ben que te queira
a madre que te pareu;
por ben e ben que te queira,
moito mais te quero eu.

Se lonxe de min te vás,
prendiña, ¿qu'hei de facer?
—Por todas partes chorar,
coidando xá non te ver.

¡Canta rula, canta rula,
alá se doi n'aquel souto...!
¡Coitadiño d'o qu'espera
po-lo qu'está n'a man d'outro!

## I V

S'è que vou a Pontevedra,
non è por ve-l-os soldados;
qu'è por ve-l-a Pelegrina
c-os seus pendentes dourados.

¡Ay de min que, sin ser tüa,
xá me queres reprender...!
¡Qué farías, së o fora
e estouvése en teu poder...!

Un anillo me dou Xan;
outro anillo me dou Pedro.
¿Com'eu hei de traballar
con dous anillos n'un dedo?

Se deixo por Pedro a Xan,
non me rifés, miña nai.
Pedriño ten certo aquel
que moita gracia me fai.

Se veñes aqui por verme,
queridiño, Dios ch'o pague;
se veñes por outras cousas,
rasgas zapatos en balde.

Eu querer, quérote ben;
oculta-l-o n'è razon
e, asegun que te portáres,
tera-l-o meu galardon.

Unha palabra che dei
xunt'a fontiña d'o cura
e teñoch'a de cumplir,
ou n'o céo n'haber lüa.

Se caís, outras caíron;
a ti nada che roubei;
nin ch'importa que caíse,
s'a bó arbol m'agarrei.

V

Non quero muller casada;
non quero muller viüda;
quero muller solteiriña
e sin aquela ningunha.

O caldeiro n'a molida
pousadiño non s'estraga.
Solteiriña, se tés nai,
qu'ände sempr'en tua compaña.

Entr'as piñas d'un piñeiro
vin un niño estoutro día.
¡Quén me dera ver se dentro
xá paxariños había!

Abotona esa camisa;
tápat'o seo Xacoba;
non coiden os que te vexan
que ves a San Xuan da Coba.

¿Quén che dixo, quén che dixo,
qu'eu lavaba n'o regueiro?
Conocinte n'o cantar;
seguínte po-lo carreiro.

Adios, miña queridiña;
eu de ti non me despido;
lévote n'o corazon
coma se foras comigo.

O amor, para ser firme,
háse de ver cada día:
non vin o meu hai un ano,
¿como hei de ter alegría?

## V I

Unha rosa non-a queiras;
unha rosa non è nada;
irémos po-las roseiras;
collerás unha incanada.

Ténte, silva, non me prendas,
que n'estou n'a miña terra.
Nunca silva me prendeu
que non me vengase d'ela.

Non te cases n'a Coruña,
nin tampouco n'o Ferrol;
mira que ch'han de poñer
as cornas d'o caracol.

Se soupera que ti dabas
un suspiro por me ver,
tamen palabra ch'eu dera
d'outros amores non ter.

O camiño que ch'eu teño
no è para ter outro:
Toda-las horas te vexo;
todas me parecen pouco.

Tres cousas pedin a Dios;
ningunha me quixo dar;
hermosura, bó cabélo
e gracia para cantar.

Cando canto, canto rábias;
quen m'as oi, ben m'as entende;
doume Dios a habilidá
de comprar a quen me vende.

Fun á horta coller berzas;
collin blancas e amarélas.
Se ti me queres de risa,
eu olvídote de veras.

## VII

Eu non sei qu'aqui me pica,
cando aqui non vexo toxos;
pícam'aquela meniña,
blanca e rubia, c-os seus ollos.

Nena, qu'estás n'a ventana
co-as puntas d'o pano fora,
non me namoro d'o pano,
que me namoro d'a dona.

—Nosa Señora d'Abádes
¿qu'ha de dar òs seus romeiros?
—Auguiña d'a süa fonte,
sombra d'os seus castiñeiros.

Dáme viño, dáme viño;
auga non ch'a podo ver;
sonche d'esta condición
e con ela hei de morrer.

¿Que ten aquela meniña
qu'hoxe pálida suspira?
—Pregúntallo tí a ela;
mais poda que non ch'o diga.

O zapato, cando è vello,
tiran con él sú a cama.
Contigo así fan, meniña,
desque te tèn engañada.

Casadiño, casa quere;
ò solteiro non lla dan;
o qu'ha de ser casadiño
ha de facer po-lo pan.

Dínme que non teño rentas
para mante-l-a muller;
teño fariña n'a artesa;
amásea, se quèr comer.

## VIII

Moito te precias, guapiño,
d'esa tüa bonitura;
hach'a de come-l-a terra
debaixo d'a sepultura.

Tarde vés e non m'espanta
que x'adoitas de tardar.
Auga de moitos regueiros
è mala d'arrecadar.

Hai unha herba n'os prados
que lle chaman vïoleta.
Os mozos todos d'ahora
o que buscan è lambéta.

C-o cariño non hai chanzas,
porqu'o cariño è ladron:
entroum'un día n'a casa;
rouboum'o meu corazon.

¡Canto miras para min!
¡Canto me chosca-l-o ollo!
Teño moito que facer;
non podo atender a todo.

Olvidácheme por pobre;
eu a ti por vagabundo.
O día que ti naciche
naceu a peste n'o mundo.

Verde caravél n'a horta,
botas por riba d'o muro;
asi dorme descansado
quen seu amor ten seguro.

A despedida che dou
con rosas e caraveles;
pois, segun vou entendendo,
a despedida ti queres.

## IX

Adios non, ti non m'o digas,
qu'èche palabra moi triste
e entre dous que se ben queren
costa caro despedirse.

Teño un pesar coma un puño;
xá ch'o direi outro día;
cada un que non te vexo
morro de melancolía.

N'a Misa estando un domingo,
miráche pra min e ríche.
Así a Dios ti parezas
o qu'a min me pareciche.

Debaixo d'a tua ventana
hai un talliño de vidro,
onde se sentan os guapos
que van a falar contigo.

A mazan que ti me deche
non a comin nin a dei;
tráio-a n'a faltriqueiriña,
por che non perde-l-a lei.

Miña nai, casade as fillas,
mentras tèn bó parecer,
pois non son herbas d'o prado
que volvan a enverdecer.

Xuaniña doum'unha rosa
e un caravel eu lle dei.
Aquela rosa espiñóume
e o caravel llo quitei.

Ben pudera n'un antoxo
d'o teu donaire gozar;
pero vexo qu'hai inferno;
non me quero condenar.

## X

Cinco xustilliños teño
de diferente color
e cinco amores tamen
para escolle-l-o millor.

Teño un amor que me cela,
outro que me dá diñeiro,
outro que me desengaña
e, entr'eles è o verdadeiro.

Deixácheme, por ser fea,
e tra-l-a guapa te fuche;
non che me pesa; mais sabe
que n'hai rosa que non muche.

A raís do toxo verde
é moi dura d'arrigar.
Os amores xá de tempo
mal se poden olvidar.

Os amores d'outros anos
olvidáronme ben cedo;
estes que tomei ahora
para sempre me prenderon.

Para todo-l-o soy raya
e para min xá rayou...
Nécia desventuradiña,
¡canto m'o sol engañou...!

Eu caseime c'un velliño,
por decir que tiña home.
¡Válgate xunca-l-o vello
que siquera à cama sòbe!

Fóra casei, adios pòrta,
portiña d'o meu quinteiro,
auga d'o meu salidiño,
sombra d'o meu laranxeiro.

## XI

Puxenm'a xoga-l-os naipes
c'unha señora d'a vila;
puxenm'a xoga-l-os naipes,
puxenm'a perde-l-a vida.

Amar a moitos a un tempo
è mala lei, è mal trato.
A nena que ten amores
sabe ond'apreta o zapato.

A túa porta, meniña,
düas horas hai que chamo.
Non naciche para amores
que te-l-o sono pesado.

María, din que te chamas,
o apellido non o sei;
vou mañan à tüa casa
ali ch'o preguntarei.

Meus ollos choran por verte;
meu corazon, por amarte;
meus pès por chegar a ti;
meus brazos, por abrazarte.

Debaixo d'a tua ventana
sepultura debe haber
para enterrar-l-os deseos
que me pican de te ver.

Dixéchem'onte que hoxe,
hoxe dices que mañan,
mañan dirásme tamen
que ganas xá non che dan.

Eu ben sei a quen dixéche
que non me podias ver.
Quen m'o dixo non ch'o digo,
pro'stimo o dito saber.

## XII

Ofrecinm'a pan e auga
a San Andrés de Teixido.
Quixera, bendito santo,
me dèses logo marido.

N'a fonte d'a Esclavitú
lavei as mans e a cara
e desqu'ali as lavei
xá me figuro mais guapa.

Chamoum'un mozo bonita.
¡Nunca por Dios m'o chamara!
Que dend'estonces sosego
non vexo n'a miña alma.

S'o querer costára cartos,
o querer moitos mercáran;
pero como non os costa,
cada un anda ò que anda.

Escoitando cal ruxía
auguiña de certa fonte,
deixei n'ela moitas bágoas,
pensando n'a miña sorte.

Cantà, cantà, paxariños,
qu'eu tamen moito cantei;
vos ainda comezades;
eu de cantar x'acabei.

Sola fun nontront'ò bosque
e estar alí non podía.
¡Qué será que sua espesura
dam'hoxe melancolía!

Teño un pesar que me mata,
que non me deixa comer.
O meu amor vai n'a Habana.
¡Quezais non o volva a ver!

## XIII

Puxenm'a pescar escalos
mentra-l-os mais traballaban;
os mais dempois ben comían;
eu para ëles miraba.

Fun ò Riveiro por viño
e emborrachoum'unha nena.
Non quero mais d'o Riveiro,
qu'inda me doi a cabeza.

Non digas qu'ò rio fuche,
s'as pernas non te lavache;
non digas que Misa oíche,
se solo n'a ilesia entráche.

Dís que teño moitas conchas,
cando non son pelegrino.
Eu digo «Se foras outra,
xogára menos contigo».

Coidaba qu'eras discreta,
cand'oín teu falarico:
aquel falar engañóume.
Non quero moza de pico.

Catúxa vai n'o mercado
con zréixas para vender.
Palique n'ha de faltar;
èla paliqu'ha de ter.

Non quero nada d'as vilas,
nin quero d'o meu lugar;
quero unha nena garrida
que conocín xunt'ò mar.

## XIV

A fonte d'o Pico-Sagro
gardan düas sobreiriñas.
Bénia a quen alí as puxo
ò pè d'aquelas auguiñas.

Non digas que vai dereito
o clavo que torto entróu;
non digas è carpinteiro
quen nunca táboa labróu.

Non bótes leña n'o forno,
s'è que xá quente estivere.
Non rifes, muller c'o home,
cando por algo s'altere.

Teño un amante soldado,
outro que foi mariñeiro,
este d'a reuma baldado
e sin brazo-l-o primeiro.

¿Qu'importa qu'o muiño ande,
se grans non vexo n'a invéga?
Afíreo, Manuel, afíreo,
qu'a capa roe n'a pedra.

Luquiñas, non teñas celos
porque me vexas bailar,
que bailo por afición,
non bailo por agradar.

Se queres que corresponda
a muller ò teu cariño.
non poñas amor por diante,
empeza por ser amigo.

D'a viga d'o meu sobrado
è señora unha anduriña;
de noite dorme n'o niño;
espértam'ò abri-l-o día.

## XV

Parecem'un peladillo
qu'a madurar vai n'o arbre.
Deran alguns non sei canto
por cal t'eu falo, falarte.

Eu onte ben te quería;
de min non fixeche caso;
tí hoxe por outro morres;
el ríse e pasa de largo.

Cheguéi à viña por uvas
e con follas topéi solo.
Dixech'onte «Serei tüa»
e hoxe dís «Non m'acordo».

O meu carro pide un eixo;
eu non sei de que botarllo.
—Bótallo de sabugueiro;
cantaráche bèn o carro.

Non quero fozar n'a terra;
de bróa estou xá ben farto;
quero a Cáis ir ou à Habana,
por ver se xunto algun carto.

Anqu'è bóa terra ä Ulla,
n'ä Ulla pouco se gana.
Vóucheme, Rosiña, vóucheme,
a probar sorte n'a Habana.

Adios, fanchoeira Sabela;
adios miña Sabeliña;
gárdete Dios e defenda;
gárdet'a Virxen d'a Guía.

## XVI

Caitaniño ten amores
n'a vila de Pontevedra,
Baltasar ten-os n'a Cruña,
eu téño-os n'a miña terra.

A quen quero non ch'o digo,
que fora moito decir.
Anda con tino ch'encargo,
que sei que t'han de seguir.

Non penses porque t'escoito,
que xá de ti me namoro:
as mozas sempr'escoitämos,
con bóa cara e bó modo.

Favores que me fixeche
n'a cara me vas botando;
favores non dan amores,
libre quedo en ch'os pagando.

Non quero que me confeses,
nin confesarte pretendo;
quero que de min t'apartes,
pois è o honor canto teño.

Non m'abrouxe-l-os oidos
c'a tua charla impertinente,
qu'estan à porta mociños
de mais sustancia e caletre.

Non m'amornes nin me quentes,
que non ch'estóu para leros.
Déixame que xá me rallan
os teus chistes e saleros.

Non coides qu'eres agudo
porque seas malicioso.
Malicia ten-a hast'os burros.
A agudeza no è pra todos.

Mais quero ser solteiriña
que muller d'home baldío.
Mais quero un pobre con honra,
que sin honra un home rico.

Non quero contos de nadie,
qu'o Crègo me reñiría
e d'outras o que me dís,
outro de min contaría.

N'o camiño de Santiago
catro mozos m'aguardaban
e, soliña c-o meu mozo,
eu n'a vila me paseaba.

Xeróme, dam'un limón
e douch'en cambio unha lima.
—Eu, nena, limons non teño;
teño laranxas d'a China.

Deiteim'a dormi-l-a siesta
debaixo d'unha pereira;
mordeum'alí unha néspora;
hinchóume toda a faceira.

Xorxiño doum'un consello,
non sei se m'engañaría.
Os homes son moi truhans...
Prò con Xorxe eu casaría.

Os mozos todos d'ahora
son coma bolos sin sal.
Proba aquí, proba acolá,
por ver se ganguiñas can.

Enfadáchete comigo
porque neno te chaméi.
¡Mira se non è nenada
decir que t'olvidarèi!

## XVII

Para tomar aires puros,
quero as alturas d'os montes;
e rio para bañarme,
qu'auga trai de moitas fontes.

N'a tua horta, meniña,
hai un pè de malva-rosa.
Dame d'él unha poliña,
qu'eu ch'a daréi de mimosa.

¡Ay qu'alelí bonitiño
levas, Dolores, n'o seo!
Trócam'o, troca, se quères,
por este nardo qu'eu levo.

S'è que mañan vas à feira,
dime por onde, María.
Eu à feira teño qu'ir;
iremos en compañía.

Fun ò prado segar herba
e seguéi cardos tan solo.
Acerqueim'a unha meniña
e díxome «Teño dono».

N'o palacio de Ximonde
unha nena toma o fresco.
Millor lle fora tomálo
n'aquel soutiño de cedros.

Moito pra a Misa d'a gaita,
moito, nena, te compós.
Aventuro a que non é
po-la Misa, nin por Dios.

Fun hasta a vila descalzo
e os pès enchínme d'ampólas.
Levei calzons emprestados
e vin pra a casa en cirólas.

## XVIII

Se fuche comigo a Laxe,
fuche po-lo teu porveito.
—Esa razon que dixeche
púdoche quedar n'o peito.

Todos me dicen que teño,
que dèi en entristecer;
eu digo «Non teño nada;
algo quixera xá ter».

Ninguen a bailar me chama
e afogo entre suspiriños...
¿De que me sirve ser guapa
se non m'o din os mociños?

Moito Ambrosio me gustóu
hoxe n'a Misa d'a gaita...
Ñamadre, quero esta tarde
ir con Amparo à rüada.

Teño uns enxertos n'ä horta;
non sei de que caste son;
os gárfios bós parecían;
os froitos serán, ou non.

Non penses, porqu'estudies,
qu'has d'engañarme ti a min,
pois ech'o Crègo meu amo
e seiche falar latin.

Salir d'a casa, amantiño,
non podo de noite sola.
Se queres falar comigo,
ven mañan à miña esfolla.

Encargáronm'unha criba
e trouxen unha peneira.
A culpa foi d'un xastriño
con quen anduven n'a feira.

Dam'un ramiño de mirto
e dareich'unh'azucena.
—De mirto deillo a Pastora.
Se queres un d'alhucema...

De flores d'o meu xardín
terás, Pepe, unha corona
o día qu'ò altar vayamos,
o día d'a nosa boda.

Teño unha Misa ofrecida
à Virxen de Gundian,
outra teño à d'os Dolores,
outra a San Sebastian.

Mi madre visteu, de moza,
xustillo de pana negra.
Hox'a pana n'è de moda.
Eu quèro-o de filoseda.

Mi madre visteu de leiras;
eu leiras n'as podo ver.
De tarazona, ou Segovia,
o meu mantelo há de ser.

N'este pano d'a cabeza,
faime, Rita, unha lazada,
qu'a cofia xá non acái
e estach'hoxe desusada.

## XIX

A chover vai de seguro,
quó Pico-Sagro pon touca.
Leva, meniña, a facenda,
qu'a chuvia non será pouca.

Parece qu'inda foi onte
cando a teu pai te pedin,

¡Ay que noite, noite aquela,
en que me dixeche sí...!

Dorm'o meniño n'o berce,
sin saberse o que será.
Botamos moitas contiñas
e Dios outras botará.

A anada presenta ben;
as huchas teñen grauciños.
¡Pobre d'o que nada ten
e vai de còte òs veciños!

O prado de Guimeráns
de còt'herbiña está dando;
por eso alí o caseiro
ten moito e lucido gando.

Viva a Ulla, viva a Ulla,
qu'anqu'è terra de milliño,
è terra que dá de todo
e pra o Rei moito mociño.

## X X

O día que nos casamos
plantóu Luis un laranxeiro;
hoxe laranxas xá ten
que come o meu vinculeiro.

¡Canta xent'alá n'o Pico,
d'o Pico-Sagro n'a cima!
Parece un pucho de rosas
caído sobr'unha piña.

De Santa Crús òs Dolores
ide, mozos, ide, nenas;
Comerés castañas novas,
qu'eu pra'stonces hèi de telas.

De Vilancosta a Santiago
non vayas po-la Riveira;
non vayas por Sarandon;
vay po-la barca de Neira.

Bonita è a barca de Neira,
a barca de Valladares;
aposto a que mais bonita
n'a viron estos lugares.

Onte fuche para Cáis;
hox'òs pobres xá non falas;
prò falarálos mañan
e volveránch'as espaldas.

Non penses asoballarme,
porque sea vïudiña,
pois teño brazo c-o jués
e señores d'a alcaldía.

Tiven un fillo e morréume
n'a guerra como soldado.
Bágoas que por el botéi
sábe-o Diosiño adorado.

Torriña de Vilanova,
ilesia d'o meu lugar,
cada ves que pra ti miro
non fago senon chorar.

Ò teu redor, miña ilesia,
¡cantas voltiñas dèi eu...!
¡Cantas, cantas, de rodillas
po-lo soldadiño meu...!!!

## XXI

Guimeráns è linda pousa,
mais Ximonde sin disputa,
e mais qu'entrambas ainda
Santa Crús de Ribadulla.

Pra conversar namorados,
os paseos d'Ortigueira;
sobre todo o d'os buxiños,
ond'a fonte d'a Nogueira.

Cando o sol d'a tarde bate
n'os cristás d'a tüa casa,
eles topacios parecen,
fogueiras en que s'abrasa.

Pasei o San Xuan d'a Cova
n'unha barca pequeniña.
O estreito, dá medo;
a auga corre mansiña.

N'a barca de Sarandon
entrando c'a miña prenda,
n'un remo remaba eu,
n'ö outro remaba ela.

As mozas todas d'ahora
non son com'as mozas d'antes:
as d'antes còfia traían;
as d'ahora tran turbantes.

Onte solteira moi maja,
ben querida d'os mociños,
hox'enferma n'unhas pallas,
sin pan que dar òs filliños.

Onte n'a rüa bailando;
hoxe n'a tomba deitada.
Mundo perro engañador,
¿de que sirve a túa farsa?

## XXII

Teño unha mesa de pedra,
ond'o meu home xantaba.
Desqu'o meu home faltou
a mesa non me val nada.

Roupa d'a miña baranda,
roupiña d'a miña boda,
¿quen t'há d'usar, miña roupa,
s'hox'a de loito m'abonda...!

Loito levo n'a cabeza,
loito sobr'o corazon
e loito en todo o corpiño
desque me morreu Anton.

Cantan os grilos n'a terra,
as rans, n'os ríos e n'os charcos
e eu, ¡coitada vïuda,
choro ahora en todos lados!

Voume pra a miña casiña,
ond'os filliños m'agardan.
¡Nunca pensei que tan cedo
eles sin pai se quedáran!

Felice-l-os que se deitan
sin ansias en que pensar;
érguense, porque despertan
e saben qu'han d'almorzar!

Garda, Xan, o día santo.
Para xá de traballar,
que Dios dá tempo pra todo
e poderá ch'o quitar.

Ten devoción, meu filliño,
c'a Virxen Nosa Señora,
qu'è a nai d'os pecadores
e ói a quen mai-l-a implora.

Pensá, mociños, n'a morte;
velliños, tamen pensá;
mirade qu'ela non dice
cando, nin por quen virá.

Toca a difunto a campana.
Quen morreu non preguntés.
Rezade por unha almiña,
e d'èla non murmurés.

O difunto vai pra a ilesia.
A campana está-o chorando.
Campana, o morto non ói;
ti estasm'a min avisando.

Debaixo d'a sepultura
podrece o ben qu'eu amei
¡e n'ela d'auga bendita
siquera pinga botei...!

Ven, filliña, ven comigo
ò cimiterio a rezar,
qu'hox'è o día de difuntos
para nos de gran pesar.

¿Ves aquelas negras cruces
n'aquela fresca terriña?
Pois baixo d'elas estanche
teu pai e tüa hirmanciña.

# ACHEGOS PRA A BIBLIOGRAFIA DE MARCIAL VALLADARES COMO ETNOGRAFO

Na banda esterior do ousio da eirexa parroquial de Berres, unha campa esquecida mostra o logar de repouso do mortal balume de un dos inxenios mais dinos de lembranza da nosa renascenza: Marcial Valladares Núñez.

A pouca carreira de alí, no logar de Vilancosta, sobranceiro do rio Ulla, érguese a casa petrucial onde viviu o morreu o poeta, etnógrafo e leisicógrafo. Eu visitei en caladas tardes outonizas a morada silandeira por onde vaga ainda o esprito escolleito do aquil seu dono e señor. No oratorio preside a imaxe barroca de almasí do Patriarca S. Xosé que ouvira aas suas preces, e na bibrioteca axexan os vellos libros entremediados cos exemprares hoxe inaprehensibres do «Folklore Frexnense» onde don Marcial escribira. Un dos seus herdeiros, don Xosé Espinosa Cervela, que terma agora de aquil casal, ofrendoume algunhas memorias do ilustre patriano, entre elas un coaderno autógrafo no que acobillou o Autor do «Diccionario Gallego-castellano» refráns e outras cousas populares, con mais algunhas da sua propia colleita. Como os refráns foron pubricados na maoría na revista «Galicia», de Martínez Salazar, e no xornal lugués nomeado «A Monteira», témonos de fixar en dous capídoos que deliñan a fasquía do noso escritor, como folklorista e como poeta de xeito popular, deixando atrás pra outra ocasión outras cousas espalladas, sin corpo de abondo pra servir de compremento ao xa conecido encol da figura de Valladares.

En tanto se non adique, pois, a iste o estudo de conxunto que merece, folgámonos en dar a lús ises dous capídoos inéditos da sua obra varia e fecunda. Varia polo que abrangue dende a poesía â leisicografía. Fecunda polo que a sua docenza lingüistica poido dar alento â creación literaria de Galiza.

O primeiro capídoo compréndese baixo o tíduo «Novo apéndice ô Cantigueiro popular por Dn. M. V. N. Ano de 1887» e níl recolle

cántigas nadas do pobo: un cancioeiriño inédito que é merecente de que saia da escuridade non somentes pola persoalidade do colector senon tamén pola riqueza idiomática que contén. Polo medio das follas do cuaderno manuscrito consérvanse papeletas da man do folklorista mesmo con novas cántigas que iba engadindo e a morte lle non deu tempo a incorporar. Entre elas figura un pequeno mangado que leva por cabeza ista nota: «Cántigas gallegas del Rivero oídas en la vendimia de 1884» o que parez indicar que as demais serían recollidas en Berres. Unhas e outras irán por engádega.

O segundo capídoo tidúase «Vilancosta. Cántigas», e tanto polo xeito das canzóns como por ir firmadas no remate cas siglas do autor «M. V. N.», ben se comprende que son feitura de Valladares aunque compostas ao modo popular. Elas son dinas de pubricidade polas mesmas razons devanditas e ainda por constituir un aspecto pouco visto do poeta esta imitanza e ista precura de fundirse ca inspirazon aldeá. Catorce cántigas da sua feitoría ao estilo do pobo, con rol moralizante, sairon n-«El Eco de Galicia» (Bs. Aires, n.° 5,20-III-1898).

A istes dous capídoos temos de engadir un terceiro pola nosa conta, nado da descoberta que fixemos de un libriño devoto de relixiosidad inxenua, de devoción popular, feitura do noso escritor na compaña de outras persoas da familia, poetas tamen como il, de vida e obra menos sabidas. Vexamos.

## I

## «CANTIGUEIRO POPULAR»

A materia de iste por Valladares chamado «Novo apéndice ô Cantigueiro popular», con alusión a un apéndice «vello» que andará dependurado das follas efímeras da prensa do XIX, de tan dificultosa precura, si acaso non se refire âs cántigas aportadas ao «Diccionario» (1), repártese en seis moreas presididas por correlativos números romans do I ao VI, sin que se albisque o motivo que presidíu esta división, pois nin a temática, que aparece misturada en

(1) [O *Cantigueiro popular* a que fai referencia o señor Bonza-Brey é o que dá a coñecer a Real Academia Gallega neste volume.]

cada un dos apartados; nin a órde alfabética, que non se atende nin siquera dentro de cada seizón; nin outra considerazón que precisase de tal partixa se mostra visíbre. Son coarenta e nove cántigas, das que todas son cuartetas octosilábicas, e somentas cinco son «triadas» ou tercetos octosilábicos tamen. Nuns e outros somentes por escepción se emprega a rima consoante, pois domea a asonante, asegun adoita o xenio poético popular. As cántigas soltas, en papeletas son oito somentes. A elas compre engadir «Unha vella» variante de un divulgado mais xeitoso pasatempo coral e o «Responso de San Antonio de Italia» que tamen forma parte do «Cantigueiro» e que resulta unha curiosa adaptazón galega de un romance portugués, sen dúbida, pois atal mostran certas verbas como *quintal* (horto de tras da casa equivalente ao galego *quinteiro*) e *Deus* (anque galega e ainda empregada no s. XVII, deturpada actualmente en *Dios* por infruxo egrexástego castelán).

Resulta de certo intrés constatar que, apesares de algunha cántiga ser xa conecida, a grande maoría son novedosas, quezais polo tempo lonxano en que foran seituradas, vai pra setenta e nove anos. Por unificar a grafia tirámoslle a etimolóxica en que están escritas. Numerándolas pra o seu millor estudo por quen queira utilizalas; mais conservamos o órde en que aparecen no ms. do polígrafo de Vilancosta. Da 52 en diante son as do Ribeiro de Avia.

1.—O pantrigo sabe ben,
o viño baise bebendo,
o cariño vai entrando,
a honra vaise perdendo.

2.—Cantade, nenas, cantade
e deixade rir ás vellas.
O tempo da mocedade
tamen o pasaron elas.

3.—Se a hermosura se vendera
quen comprase non faltara;
pro non se compra nin vende:
dáa Dios a quen lle agrada.

4.—Neste mundo todo é trampas
eu tamen con elas vivo.
O mundo hase de acabar,
eu hei de querer perdido.

5.—O paxaro cando bebe
mete o peteiro no lodo.
O cariño cando é firme
nunca se perde de todo.

6.—Miña nai doume un consello,
calquera o pode tomar:
«Non te fíes dos solteiros;
dos casados arredar».

7.—Nunca vin lebres ao xugo,
nin coenllos ao arado.
As mulleres entre os homes
son un gando mal gardado.

8.—Eu ben vin está-l-o cuco
Na rabela de un arado.
Aos mozos todos de ahora
pícanlle as moscas no rabo.

9.—A fortuna de Mateu
della Dios a quen quixer;
nin solteiro, nin casado,
ni poder topar muller.

10.—Nunca merques besta coxa
coidando que sanará
pois se ao mercala coxea,
mais adiante ¿que fará?

11.—Aniño de ochenta a sete
ano de loito pra a Ulla,
¡cantos labradores, cantos
n-han de amasar cocedura!

12.—Secan as fontiñas todas
ca moita calor do vran,
e si Dios no-o remedia
hastra os rios secarán.

13.—Todos neste mundo, todos,
acomodo hemos de achar,
uns moi bó, outros moi malo,
outros a medio pasar.

14.—Tuvera nai, eu tuvera,
inda fora de unha silva
que anque a silva me picara
era eu sempre sua filla.

15.—Crees que porque eres rico
hei de andar ao teu mandado:
moitas serdas ten un porco
e non pasa de marrano.

16.—Pensaches que por me reir
xa me tiñas na tua man:
nunca fun apasionada
da fruta que cai no chan.

17.—Todo-l-os que cantan ben
cantan âs doce da noite,
e eu como canto mal
ando cantando decote.

18.—Meniña que está calada
cando de cantar adoita
no corazón algo sinte
ou ve que ninguén a escoita.

19.—O meu amor é pequeno,
ser pequeno non é péro:
métoo na manga do sayo
falo con él cando quero.

20.—Os dentes da miña dona
mórdenme cando lle rifo,
heilles de pasá-l-a lima
por se esa maña lle quito.

21.—Eu caseime c-unha vella
porque tiña moito gando;
o gando foise morrendo,
a vella foime quedando.

22.—Eu comprei unha vïola
que me costou un vintén,
o diñeiro poco importa
se a vïola toca ben.

23.—¡Quen me dera dar un ai
que me oiran alá enriba
e dixera miña nai:
—«Eche o ai da miña filla!

24.—Arreventas porque canto
e moito mais porque río.
Teño que cantar e rir
fágache ou non mal partido.

25.—Se canto, chámanme tola,
e se bailo, adivirtida...
*¡Válgame Nuestro Señor,*
non sei de que modo viva!

26.—O caravel dende que abre
é de ver como arrecende.
Non hai cousa mais amante
que un galán cando pretende.

27.—Teño un amor no sobrado
e outro teño na cociña:
o de arriba Xan soldado;
o de abaixo Xan Morriña.

28.—Non quero amor de canteiro,
que traballa de moi alto.
Pode cair e morrer
e a xente decir que o mato.

29.—O meu home foi ao muiño,
a muiñeira tiña a sarna.
Moerían de mestura...
cando o meu home se raña.

30.—Miña nai por me casar
pormeteume canto tiña;
agora que me casou
pagoume cunha galiña.

31.—Ámote e mais non cho digo
por ser eu vello, rapaza,
que anque amor é caprichoso
moitas veces non ten traza.

32.—Chuvia que en pasar non tarda
algo, emporeso, ela molla.
Nena que te pos â vista,
ten tino da tua honra.

33.—Es bonita como o pote,
blanca como a gramalleira.
Tes que te casar de noite,
de dia n-hai quen te quera.

34.—Custureiriña bonita,
dame un alfiler de plata
pra sacar do corazón
unha espiña que me mata.

35.—Custureiriña bonita,
¿onde tés a tua cama?
—No poleiro das galiñas
n-unha mandiña de palla.

36.—Todo-l-os paxaros nacen,
meniña, para voar.
e eu vexo tamén nacin
para traballos pasar.

37.—Se qués casar, rapaciña,
cásate c-un arreeiro
que anque ten andar de trenco
róxelle sempre o diñeiro.

38.—Sardiña que o gato leva
aquela gandida vai.
Heite de sacar, meniña,
do poder de tua nai.

39.—Ti cantar cantabas ben,
hoxe a gracia non te axuda:
parece-l-a miña porca
cando come a lavadura.

40.—Fuche afora y-eu quedei.
Se outra ves chegas a ir,
de min non responderei.

41.—Dices que me queres moito.
Eu digo que éso é mentira,
pois se moito me quixeras
ir tras de outras non te vira.

42.—Estou a pasar o río,
estou a non-o pasar;
estou a tomar amores,
estou a non-os tomar.

43.—Taresa pideume troitas,
ela morría e morría,
y así deille unha samborca
porque troitas nas había.

44.—Se ti viras o que eu vin
xa te habias de admirar:
unha cadela con pitos
y-unha galiña ladrar.

45.—Se queres trocar troquemos
eses teus ollos azules
po-l-os meus que son morenos.

46.—Todos dicen que vou ben.
Todos dicen que me caso
e nadie me dí con quen.

47.—Bótoche unha, bótoche outra
e inda che hei de votar unha
que che ha de racha-l-a roupa.

48.—Todos por cumplir me falan.
Eu tamen así lles falo.
O día que me non falen
na misma moneda pago.

49.—Eu querer quérote ben,
solo me falta saber
se ti me queres tamén.

50.—Non medres mais, miña nena,
que tés altura de abondo;
e muller que moito medra
ô millor queda sin noivo.

51.—Teño de bota-l-a rede
a ver se me colle un peixe
pois quero deija-l-o mundo
antes que o mundo me deixe.

52.—Vendimai, vendimadoras,
na vendima do meu pai.
O viño vai na cabaza
y-o pan na cestiña vai.

53.—O probe do ribeirao
¡con que ha face-l-a vendimia?
¡Cunha arestiña de pan
y-unha argana de sardiña!

54.—Vendimai, vendimadoras,
que alá van os arrieiros
y-o viño ha de valer este ano
inda mais que os derradeiros.

55.—Cantai, meniñas, cantai,
que alegrás o mundo todo
y-as que están na borralleira
están caendo co sono.

56.—Aproveitade, meniñas,
os bagos que can na terra
que aproveitando os baguiños
cen moyos juntou a vella.

57.—Y-agora non canto mais
que o cantar precisa gracia
y-a pouqueniña que teño
quéroa levar pra a casa.

## UNHA VELLA

¡Ai, ai, ai! ¡que diaño de vella!
¡Ai, ai, ai! ¿que conta lle tén!

Ela quer, quer, que lle compre uns zapatos;
Ela quer, quer, que llos compre con lazos,
¡Ai, ai, ai! etc.

Ela quer, quer, que lle compre unhas medias;
Ela quer, quer, llas compre das negras.
¡Ai, ai, ai! etc.

E desque as medias lle compro negriñas,
Ela quer, quer, que lle poña eu as ligas.
¡Ai, ai, ai! etc.

Ela quer, quer, que lle compre unha saya,
Ela quer, quer, que lla compre de grana.
¡Ai, ai, ai! etc.

Ela quer, quer, que lle compre un xustillo
Ela quer, quer, que o compre de rizo.
¡Ai, ai, ai! etc.

Desque o xustillo le dou, moi remono,
Ela quer, quer, que llo cinga eu ao lombo.
¡Ai, ai, ai! etc.

Ela quer, quer, que lle compre un pañuelo;
Ela quer, quer, que lle compre un adrezo.
¡Ai, ai, ai! etc.

Ela quer, quer, desque o adrezo lle amostro;
Ela quer, quer, que llo abroche ao pescozo
¡Ai, ai, ai! etc.

Ela quer, quer, que lle lave eu as cuncas;
Ela quer, quer, que llas deixe ben xuntas.
¡Ai, ai, ai! etc.

Ela quer, quer, desque as cuncas lle lavo,
que fregue o pote, a sarten e o asado.
¡Ai, ai, ai! etc.

Ela quer, quer, que lle faga eu a cama;
Ela quer, quer, que lla faga moi llana.
¡Ai, ai, ai! etc.

E desque a cama algo ben eu lle fago,
Ela quer, quer, que me deite ao seu lado.
¡Ai, ai, ai! etc.

## RESPONSO DE SAN ANTONIO DE ITALIA

—«O mi padre San Antonio
que en milagros eres rei,
defensor da flor da palma
e nosa divina lei,
deixa a Pádua e a Lisboa,
marcha, Antonio, de repente,
que van a matar teu pai
e morre inocentemente».
Ponse alá e dí â justicia:
—«Matador n-é o acusado

por hachar un home morto
no seu quintal enterrado.
Se creelo non querés
esperame aquí un pouco,
que virávolo a decir
por sua boca o mismo morto».
—«Levántate, home difunto,
de parte de Onipotente
e seipa quen te matou
a justicia e demais gente».
—«Ese home non me matou
nin de min tuvo sinais,
solo un falso testimonio
y-enemigos inda mais.
O home que me matou
él no auntamento ven
pro no quer o Rei da gloria
que o descubra eu a ninguén».
Satisfeita ante o milagro
a justicia de Lisboa,
inocente declarou
ao acusado sin mais proba,
preguntando él ao sabelo
case sen poder falar:
—«¿Donde sodes, forasteiro,
que viñéchesme a librar?»
—«Adimírame, meu pai,
non me haberes conocido,
de San Francisco, aunque frade,
nestes hábitos metido.
Voso fillo son Fernando,
Fernando y agora Antonio,
para ver de non cair
en tentación del demonio».
Tornou logo â sepultura
o home resucitado
e dixo alí San Antonio
â multitú de contado:
—«Moitas gracias e alegumbre
nós a Deus podemos dar,
antes que a Italia me volva
o meu sermón a acabar».

Marcial Valladares púxolle â refenda precedente iste comento:

«Dicese efectivamente, que S. Antonio de Pádua, sin hacer noche, se puso desde Italia en Portugal para librar a su padre, condenado a muerte». (*Diferencia entre lo temporal y lo eterno*» del Padre

Nieremberg, edición de 1778, pág. 279»). Nós abstémonos de anotar iste romance e demais literatura popular por non entrar no noso propósito senon dar a conocer a obra recolectora de Valladares.

## II

## «VILANCOSTA-CANTIGAS»

Como levamos dito, as que van a seguir son cántigas octosilábicas, de feizón e esprito populares; mais saídas da musa de Valladares. Cátase nelas o desexo de se concentrar no curruncho nativo e de louvar todo canto alí se ademira, dende a paisaxe, co Pico Sacro ao preto, âs condicións crimáticas onde a neve «si algo cala, pouco dura»; dende as frescas augas âs mozas «agudas e donairosas»; as virtús e boas costumeiras das xentes aos aires e aos peixes que bulen no rio Ulla que pasa ao pé. Hai nestas cántigas laios por pasadas troulas «en que se oía o alalá nas herbeiras, a gaita na romaría», e por levar pouca auga os dous muiños, que calan no vran ca seca. Preocupacións da aldea, pequenos probremas de a cotío, pensamento identificado co *rus*, do cabaleiro-poeta de Vilancosta.

Dos curtos poemas populares interesan de certo aqueles que fan alusión ao propio autor das cantarelas, tal como istas duas que compre pôr en destaque polo que teñen de persoal:

O señor de Vilancosta
soilo a ela ten apego;
vive entre seus labradores,
hónrase de ser galego.

O señor de Vilancosta
é xa vello e non casou;
fortuna para os sobriños
se levan o que él herdou.

Teño entendido que no eido de Marcial Valladares celebrábanse os trafegos da vida agrícola en común, como as desfollas do millo, ao son das cántigas que facía o dono da casa. Asi, pois, ístas que agora van a seguir, da autoría do leisicógrafo, terían de ser cantadas n-algun tempo,e algunha de elas quezais viva ainda nos beizos do pobo pra que foron compostas.

Tamén as numeraremos, inda que non estean no orixinal, pra facilitar a cita e a consulta:

1.—Fuxin do mundo engañoso
y-en Vilancosta atopei
o que no mundo non vía
e manda Dios na sua lei.

2.—Terriña de Vilancosta,
terriña en que che eu nacín,
desque che deixei por outra
n-houbo gusto para min.

3.—En Vilancosta nacín
e nela penso morrer:
decote lle tuven lei
e xuro non lla perder.

4.—Vilancosta é maravilla,
meu encanto, porque vexo
de Pico-Sacro o abanico,
en lindura sin parexo.

5.—Se che perguntan, meniña,
se che perguntan de onde eres,
dirás que de Vilancosta,
en San Vicente de Berres.

6.—En Berres os Valladares
de Vilancosta festexan
â Madre Virgen da Guia,
amparo dos que a desexan.

7. De Vilancosta pra a iglesia
a xente corre a porfía
que hai misa a Nosa Señora,
Nosa Señora da Guía.

8.—Rapaza, se has de ir â misa,
lávate a cara siquera:
a xente de Vilancosta
a que llo digan n-espera.

9.—As augas de Vilancosta
son frescas e saüdosas;
as mozas que de elas beben,
agudas e donairosas.

10.—Se pasas por Vilancosta
non deixes de me falar,
que anque non teño riqueza
que comer n-ha de faltar.

11.—O mozo que me pertenda
de Vilancosta ha de vir,
que anque é terra apertadiña
da gente n-hay que decir.

12.—Airiños de Vilancosta,
desque a zreixa colorea,
moito me gustás, airiños,
airiños da miña aldea.

13.—O señor de Vilancosta
soilo a ela ten apego;
vive entre seus labradores,
hónrase de ser galego.

14.—O señor de Vilancosta
é xa vello e non casou:
fortuna para os sobriños
se levan o que él herdou.

15.—Veciños de Vilancosta,
baixade ô voso regueiro,
que polo rio ja sobe
de escalos mais de un milleiro.

16.—Veciños de Vilancosta,
correde ô canal de Sisto,
que xa suben os escalos
e quen mais pesca é o mais listo.

17.—Vilancosta, Vilancosta,
hoxe triste, decaída,
¿que foi da tua mocedá,
tes petrucios e tua vida?

18.—¿Onde che van, Vilancosta,
tempiños en que se oía
o alalá nas herbeiras,
a gaita na romaria?

19.—Vaise o viño aquí na Ulla,
vaise deica Vilancosta,
porque en ves de amar a Dios
sin temor se lle denosta.

20.—Teño no rio unha barca
e na granxa un palomar;
casa chea en Vilancosta,
¿que mais podo desexar?

21.—Os muiños de Vilancosta
dous pintores anumeran:
millor fora augas levaran
para que no vran moeran.

## III

## UN LIBRIÑO RELIXIOSO

Anda antre os meus vellos papeis unha «Novena/a la/Santísima/Virgen/de la/Guía./Santiago año de 1856» (2), en limpa e crara impresión de Rey Romero, con páxinas en coidado recuadro tipográfico, e levando ao frente unha estampa litográfica sobre fondo de cor verdecente representando «Ntra. Sra. de la Guía, según se venera en San Vicente de Berres», conforme lénda caligráfica posta ao pé.

Conocedores da relixiosidade dos Valladares, pareceunos que podería andar a man familiar nesta pulida edizón, e, ao repasala, pudemos confirmar a nosa sospeita, pois os «Gozos», que son tres composizons poéticas, veñen asinados, respectivamentes, por «J. V.», «S. V.» e «M. V.» cuias sigras corresponden por tal órde, a D. Xosé, D. Serxio e D. Marcial Valladares, isto é: ao pai D. Xosé Dionisio Valladares (1787-1864), abandeirado do Batallón Literario en 1809, Abogado, auxiliar de Fontán no Mapa de Galiza, corresponsal de D. Pascual Madoz no «Diccionario histórico-estadístico de España y posesiones de Ultramar» (e non o seu fillo Marcial, como se dixo con motivo do centenario de ista obra); D. Serxio Valladares Núñez (1823-1855), escritor de varias memorias económicas e de poesías

(2) O transcrito pertêce â anteportada; mais a portada dí: «Novena/a la/Santísima Virgen/de la/Guía./Impresa con aprobación y licencia que en de-/creto fecha 8 de enero de 1856 se dignó conce-/der el Excmo. e Illmo. señor D. Miguel García/Cuesta, Arzobispo Compostelano; dignándose conce-/der también en el propio decreto 80 dias de in-/dulgencia S. E. I. a los que con verdadera devo-/ción leyeren u oyeren leer cada una de las ora/ciones de esta misma novena./Santiago año de 1856./Imp. y Lit. de D. Juan Rey Romero.»-Segue a gravura litográfica que representa a Nosa Sra. da Guía, en que aparez a imaxen de pé sobre nubes siñalando ca man dereita o ceu e ca esquerda a terra. O neno Xesús de pé â sua veira agárrase do manto e porta na man dereita unha pequena crús. A seguir van oracións pra os nove dias e logo os «gozos». Mede a caixa 122 × 69 milímetros. A estampa co pé da «Imp. e Lit. de J. Rey Romero. Santiago, «inda que figura anónima, é da conocida man do gran litógrafo Xurxo Osterberger.

cuia colaborazón na «Novena» debeu ser póstuma; e D. Marcial, o autor do «Diccionario Gallego-Castellano» de todos conecido.

Os versos dos «Gozos» son de corrente vulgaridade todos iles. Os de D. Xosé Dionisio teñen por estribillo:

«Salve, torre de David,
faro que al cielo nos guia,
salve, salve, madre mia,
llévame a puerto feliz»,

e comenzan as estrofas de oito versos de un romance en *i*:

«En el mar de nuestra vida
donde soplan vientos mil,
ciego el hombre no conoce
rumbo firme que seguir...»

Os «Gozos», firmados por Serxio, teñen por estribillo:

«Busco el camino del cielo;
sed mi guía y protectora.
Rendido vengo; mi anhelo
es vuestro amparo, Señora»,

e dan principio con esta octavilla, combinación métrica en que están escritos:

«En el erial de la vida,
entre espinas, entre abrojos,
con el llanto de mis ojos
ví correr mi juventud.
En mi derredor pasaron
del mundo las pompas vanas;
verdad creí sus livianas
horas de torpe inquietud».

Marcial Valladares, en fin, escrebe o seus gozos en romance octosílabo en *a*, e ao cabo de cada oito versos intercala como estribillo istes outros dous:

«Amparadnos de la Guía
Virgen madre soberana.

Dí a primeira estrofa:

«Matinal, lúcida estrella,
rosa insigne nacarada;
fuente límpida, incansable
de asequible, cordial agua;
tesoro de piedad lleno
y excelsa virtud sin tacha;
consuelo de atribulados,
del católico esperanza...»

e faise evidente o estro mas ergueito que nos outros «gozos».

Xa nas cántigas orixinaes deValladares ocupou a Virxe da Guía un logar no temario cas 6.ª e 7.ª. A novena descrita confirma a predilección dos Valladares por ista advocazón marial, como refire a derradeira de taes cántigas:

«En Berres, os Valladares
de Vilancosta festexan
â madre Virxen da Guía
amparo dos que a desexan» (3).

Outras novas bio-bibliográficas daránse en outro intre.

F. BOUZA BREY

(Do «Boletín de la Real Academia Gallega»,
números 309-320, octubre do 1956,
páxs. 10-23)

---

(3) Aproveitamos a ocasión pra dar unha nova. Non foi o autor do «Diccionario gallego-castellano» o único leisocógrafo escritor de novenas en Galicia. Tamen as escribíu o autor do primeiro diccionario galego D. Francisco Xavier Rodríguez quen, con data 14 de agosto de 1849, solicita do Arcebispado se lle permita emprentar a novena a Santa Escolástica precedida de un resúmen biográfico da Santa e de seu irmán San Bieito. O Padre Solla informa favorablemente. Poseemos exemprar que dí: «Novena/de la/Virgen/Santa Escolástica,/con un compendio histórico de su vida/y una sucinta esplicación/de sus principales virtudes./Compuesta/por un devoto suyo y de su culto./*Viñetas*/ Santiago./Imprenta de Núñez Espinosa./1849». Leva unha litografía da «Lith. Enrique Luard e Hijos. Coruña». Dempois da biografia da Santa, séguelle, en efecto, a de San Bieito, e os gozos teñen por estribillo:

Angel bello de inocencia,
tipo de vida monástica,
condúcenos, ¡oh Escolástica!,
del Señor a la presencia.

(Vide: «Arquivo Arcebispal de Santiago: «Ramo de Imprenta». Mazo 2.º n.º 473).

# REXISTRO

Páxina

Notas bio-bibliográficas

Marcial Valladares Núñez, por Ricardo Carballo Calero. 11

CANTIGUEIRO POPULAR

Explicación previa ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... 19

Facsímil do prólogo ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... 23

*Primeira parte*

Epítome

Cántigas da Ulla ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... ... 31

Achegos pra a bibliografía de Marcial Valladares como etnógrafo, por F. Bouza Brey ... ... ... ... ... ... ... ... 57

Rematóuse de imprentar o 17 de maio do 1970, "Día das Letras Galegas", nos talleres da Editorial Moret, da Cruña, coa axuda económica do Honorable Concello da Estrada, en cuia bisbarra veu a luz primeira o esgrevio lexicógrafo Marcial Valladares

REAL
GA
A C
36
Bibl

ACAD
LEG
CORU
51
liote